

ACTA NÚM. 1 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR CUALIFICADOR PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DENTRO DA LISTAXE COMPLEMENTARIA DE PERSOAL CONDUTOR/A PEL CONCELLOS _ Constitución tribunal e cuestións relativas á boa marcha do proceso

Proceso selectivo: 1 CONDUTOR/A

No despacho do servizo de persoal e emprego do Concello de Rianxo, ás 10:30 h do día 09/05/26, réunese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación de 1 condutor/a ao abeiro da listaxe complementaria de persoal concellos PEL CONCELLOS, segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 473/2026 do 07/05/2026 e tribunal aprobado pola Resolución da Alcaldía núm. 503/2026 do 12/05/2026 coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo
Secretaria: Vicenta A. Campaña Martínez, funcionaria municipal do Concello de Rianxo
1º vocal: Mª José Fungueiriño Tubío, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo
2º vocal: Enrique M. López González, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo
3º vocal: Mª Aurora Rodríguez Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rianxo

O Presidente declara constituído o Tribunal; a vocal M.^a José Fungueiriño dá conta dos antecedentes deste proceso:

Primeiro: o día 07 de maio de 2025 o alcalde asinou a oferta de emprego correspondente para a súa presentación na oficina de emprego de Boiro; enviáse ese día á oficina de emprego e, no mesmo día, recibíuse o resultado da dita oferta que incluía a 5 persoas.

Segundo: establecece, segundo a información que se ten, que aspirantes poden participar no proceso de selección e que son os seguintes:

LISTAXE DE PERSOAS ASPIRANTES AO PROCESO DE SELECCIÓN (recibida do SPEG):

APELIDOS E NOME
EVA MARÍA BRIÓN VIDAL
EDUARDO CARBALLESTEVEZ
JOSÉ ÁNGEL PÉREZ COLLAZO
MARÍA JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ
JUAN CARLOS RIAL AMADO

Terceiro: realizaranse as chamadas ás persoas aspirantes admitidas para que recollan no Servizo de Emprego as copias das bases de selección, o cronograma do proceso e o Anexo II (declaración responsable) para que presenten, a través do Rexistro Municipal, a documentación necesaria

tanto para a xustificación do cumprimento dos requisitos mínimos como para a valoración dos méritos que desexen alegar para a fase de concurso. O prazo de presentación da dita documentación irá desde o mércores día 13/05/2026 ata o luns 18/05/2026 (ambos incluídos).

Cuarto: establece o cronograma do proceso no que se indica a data para a realización da proba escrita así como os contidos e os criterios de valoración dela, segundo o establecido nas bases e que se realizará o día 19/05/2026, ás 09:30 horas, no Centro socio-cultural Auditorio de Rianxo. En canto á proba de galego que deberán facer aquelas persoas aspirantes que superen as probas anteriores e non estean en posesión do Celga 2, e co obxecto de axilizar o proceso, esta proba realizárase a continuación da proba escrita (tipo test) para aquelas persoas que non estean exentas da súa realización.

Quinto: O tribunal acorda reunirse o martes 19/05/2026 as 09:30 horas para realizar o proceso.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 12:30 h, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será asinada pola secretaria do tribunal.